



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expediente recurso:2025000031324

Expediente subvención: 2025000017357

Convocatoria: PEL- PEMES CRE/AMP 2025

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ESTIMA O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DON CONSTANTINO CAMPOS RODRÍGUEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE ARQUITECTURA, MATERIALES Y CONSTRUCCIÓN S.L. CONTRA A RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA NÚMERO 2025/26134 DE 2 DE XUÑO, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIONS CORRESPONDENTES ÁS AXUDAS Á CONTRATACIÓN PARA A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2025)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente número 2025000017357 relativo a subvención correspondente ao programa anteriormente citado, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de Presidencia número 2025/26134, publicada en extracto no BOP número 108 de 9 xuño de 2025, aprobouse a concesión das solicitudes de subvencións correspondentes ao Programa de axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL- PEMES CRE/AMP 2025). De acordo con dita resolución, desestimase a concesión da solicitude presentada pola mercantil cos seguintes datos:

SOLICITANTE	Motivo descarte
ARQUITECTURA, MATERIALES Y CONSTRUCCION, S.L. NIF: B70297106 Expediente:2025000017357 Obxecto: Solicitude axuda PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN/2025	3.1

Consonte o anexo II da citada resolución o numeral 3.1 se corresponde co motivo de descarte

“Non cumprir o requisito: Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro.”

Segundo.- En data 20 de xuño de 2025 don Constantino Campos Rodríguez, en nome e representación da entidade mercantil Arquitectura, materiales y construcción S.L. presentou no rexistro da sede electrónica da Deputación de A Coruña, con número de rexistro de entrada 202599900073058, recurso potestativo de reposición contra a dita resolución de concesión, alegando en síntese que

“(…) Que cumplo con los requisitos establecidos en la normativa vigente para obtener el reconocimiento de derecho o facultad o para percibirla como una PEQUEÑA O MEDIANA EMPRESA.

Que aún figurando en la Situación Censal como gran empresa, esto es por habernos acogido voluntariamente a la declaración mensual de IVA e IRPF, no por la facturación anual (superar los 6.010.121,04 euros, según la Agencia Tributaria), que en nuestro caso es inferior, siendo la facturación correspondiente al año 2024 de 5.547.627,47€ (…) ”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Requisitos xurídico-formais de presentación do recurso de reposición

Consonte os artigos 123 e 124.1 da Lei 39/2015, 1 de outubro, o recurso foi interposto en tempo e forma, cumpríndose todos os requisitos legais para que sexa admitido a trámite por esta Administración.

Consta no expediente número 2022000029435 escritura publica de representación de data 5 de setembro de 2012, pola que se apodera a don Constantino Campos Rodríguez para representar a sociedade ante as Administracións Públicas e a presentación de toda clase de recursos administrativos.

SEGUNDO.- Requisitos das bases reguladoras. A base 5.2 exclúe aquelas empresas que teñan atribuída a consideración fiscal de Gran empresa. Presentación do modelo 037 de modificación dos datos censuais dentro do prazo de presentación de solicitudes. As declaracións presentadas polo interesado non desvirtúan o certificado previamente aportado.

Unha reiterada xurisprudencia mantén, en relación cos procedementos de concorrencia competitiva que as bases da convocatoria dun proceso competitivo constitúen a lei á que debe suxeitarse o procedemento e resolución dos mesmos, de forma que, unha vez firmes e consentidas, vinculan por igual os participantes e a Administración. Así, entre outras, a Sentencia do Tribunal Supremo de 29 Abril de 2011 (Recurso 287/2010),sentencia de decembro de 2012 (Recurso 7143/2010) e Sentencia de 8 marzo de 2006 (Recurso 6077/2000).

As bases reguladoras do programa de axudas a contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL- PEMES CRE/AMP 2025) foi aprobada por resolución número 2025/5295 e publicada no BOP número 28 de 11 de febreiro de 2025)

Consonte a base 5.2 das bases reguladoras , exclúense de estas axudas:

(…)

- *As entidades definidas como Gran Empresa pola AEAT segundo o Certificado de situación censal da entidade ou «única empresa»*

(...)

Consonte o anexo I. Documentación da solicitude das bases reguladoras entre a documentación que debía achegarse obrigatoriamente coa solicitude figuraba o Certificado de situación censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.

En cumprimento da citado anexo a mercantil recorrente presentou, en unión da súa solicitude (achegada o 13 de marzo de 2025), certificado censual emitido pola AEAT en data 20 de febreiro de 2025,) ,que indicaba :

SITUACIÓN TRIBUTARIA

DATOS TRIBUTARIOS DE CARÁCTER GENERAL

- Tiene la condición de Gran Empresa

IMPUESTO SOBRE EL VALOR AÑADIDO

Registros

- Está dado de alta en el Registro de Devolución Mensual

- Esta dado de alta en el Registro de operadores intracomunitarios, desde: 01-03-2013

Regímenes aplicables

- General

Fecha 12-07-2011

IMPUESTO SOBRE SOCIEDADES

- Fecha de cierre del próximo ejercicio económico 31/12

Como documentación adicional a entidade mercantil presentou unha declaración responsable, na mesma data de presentación da solicitude de subvención (13 de marzo de 2025), onde indicaba que :

“Que cumplo con los requisitos establecidos en la normativa vigente para obtener el reconocimiento de derecho o facultad o para percibirla como una PEQUEÑA O MEDIANA EMPRESA

Que dispongo de la documentación que así lo acredita y que la pondré a disposición de la Administración cuando me sea requerida, comprometiéndome a mantener dicha documentación a su disposición durante el tiempo inherente al reconocimiento o ejercicio de mi derecho. “

O 17 de marzo de 2025, a entidade solicitante achegou ó expediente de solicitude a declaración de modificación de datos censuais (modelo 036) no que se solicitaba a rectificación da condición de Gran empresa aos efectos tributarios, presentada ante a AEAT nese mesmo día. Posteriormente non se achegou ó expediente outra xustificación ou acreditación que permitise a unidade xestora comprobar que a empresa xa non figuraba coa condición de Gran empresa a efectos fiscais.

A vista da documentación do expediente a unidade xestora propuxo coma denegada a solicitude en base a que a entidade solicitante se atopaba no caso de exclusión previsto na base 5.2 das bases reguladora.

Sobre o valor probatorio dos certificados administrativos debe lembrarse que, consonte o artigo 70

do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos

“Entenderase por certificado tributario o documento expedido pola Administración tributaria que acredite feitos relativos á situación tributaria dun obrigado tributario.

Os certificados poderán acreditar, entre outras circunstancias, a presentación de declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos ou extremos concretos contidos nelas, a situación censual, o cumprimento de obrigacións tributarias e a existencia ou inexistencia de débedas ou sancións pendentes de pago que consten nas bases de datos da Administración tributaria.”

Dito certificado ten a consideración de documento público administrativo, consonte o artigo 26.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas

“Entendese por documentos públicos administrativos os validamente emitidos por los órganos de las Administraciones Públicas”.

E en relación coa emisión de documentos electrónicos administrativos, como é o caso do certificado censual, o parágrafo segundo do antedito artigo establece que se consideran válidos cando reunindo os requisitos establecidos polo artigo 26, sexan trasladados a un terceiro a través de medios electrónicos.

Respecto do valor como proba documental destes documentos, o artigo 319.2 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, dispón que

“A forza probatoria dos documentos administrativos non comprendidos nos números 5.º e 6.º do artigo 317 aos que as leis outorguen o carácter de públicos, será a que establezan as leis que lles recoñeza tal carácter. En defecto de disposición expresa en tales leis, os feitos, actos ou estados de cousas que consten nos referidos documentos teranse por certos, para os efectos da sentenza que se dite, salvo que outros medios de proba desvirtúen a certeza do documentado”

Por outra banda, o modelo 036 que o recorrente achegou ó expediente de solicitude, non enerva a forza probatoria do certificado censual emitido pola AEAT, toda vez que se trata de unha declaración unilateral do interesado, emitida no cumprimento dunha obriga legal prevista no artigo 2 da Orde EHA/1274/2007, do 26 de abril, pola que se aproban os modelos 036 de Declaración censual de alta, modificación e baixa no Censo de empresarios, profesionais e retenedor e 037 Declaración censual simplificada de alta, modificación e baixa no Censo de empresarios, profesionais e retenedores. Aínda que a declaración censual constitúe un documento que se incorpora a un expediente administrativo, non prexulga por si mesmo a resolución que tomará a administración tributaria a posteriori.

A maiores debese indicar que o interesado ten un prazo para realizar a comunicación, tanto de adquisición como da perda da condición de Gran Empresa á AEAT, dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 28 de febreiro de 2025, mediante a presentación do modelo 036 de declaración censual. Polo que no caso concreto poderían existir dúbidas sobre o resultado da declaración presentada de forma extemporánea, aínda que este feito de por si non condicionase a resolución da Administración Tributaria, xa que logo tratase de un incumprimento co único efecto de supor unha sanción, no seu caso.

Polo exposto, acreditabase documentalmente no expediente que a entidade recorrente tiña a condición de Gran empresa e non existía ningún elemento que permitise comprobar a súa modificación con anterioridade a resolución de concesión.

CUARTO.- Definición de Gran Empresa. Proba da perda da condición de Gran empresa con posterioridade a resolución de concesión.

A definición de Gran empresa é un concepto tributario que se refire a aquela organización, empresario o profesional cuxo volume de negocio en un ano supere os 6.010.121,04 euros, e que implicará unha serie de obrigas fiscais.

Conforme o artigo 71.3.1º do Real Decreto 1624/1992, de 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre el Valor Engadido, defínese como gran empresa, sometida a obriga de liquidación mensual do IVE, aquelas cuxo volume de operacións, calculado conforme ao disposto no artigo 121 da Lei do Imposto, excedese durante o ano natural inmediato anterior de 6.010.121,04 de euros.

Pola súa parte, o artigo 121.1 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido establece que aos efectos de determinar o volume de operacións, *“entenderase por volume de operacións o importe total, excluído o propio imposto sobre o Valor Engadido e, no seu caso, a recarga de equivalencia e a compensación a tanto alzado, das entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas polo suxeito pasivo durante o ano natural anterior, incluídas as exentas do Imposto”*.

Por ultimo, a Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, establece a obriga de facer pagos fraccionados do imposto *“os contribuíntes cuxo importe neto da cifra de negocios superase a cantidade de 6 millóns de euros durante os 12 meses anteriores á data en que se inicie o período impositivo ao que corresponda o pago fraccionado”*

Polo exposto, no caso de que unha empresa anteriormente cualificada coma Gran empresa a efectos fiscais, deixase de ter o volume de negocios indicado nos artigos citados, deberá comunicar á Administración Tributaria esta circunstancia, no modelo de declaración 036, no prazo dun mes, a contar dende o día 1 de xaneiro do ano en curso e, en calquera caso, antes do vencemento do prazo para a presentación da primeira declaración periódica afectada pola variación, ou que houbera debido presentarse de non producirse dita variación.

No caso concreto o recorrente alega que durante a anualidade 2024 deixou de cumprir os requisitos para ser considerada Gran empresa, por ter unha facturación de 5.547.627,47€, e polo tanto dende o 1 de xaneiro de 2025 non lle correspondía esta cualificación. Co recurso achegouse a seguinte documentación para soste o seu dereito:

- Dilixencia de 7 de abril de 2025 (núm. ref. 2025GEM29710001X), pola que se da traslado da rectificación censual da condición de Gran empresa da entidade Arquitectura, materiales y contrución S.L., emitida pola AEAT.
- Certificación censual da AEAT, de 18 de xuño de 2025, comprensiva da situación no censo de obrigados tributarios da entidade Arquitectura, materiales y contrución S.L., no que non consta a condición de Gran empresa na súa situación tributaria .
- Declaración modelo 036, de 17 de marzo de 2025, de modificación de datos censuais.

Da documentación achegada comprobouse que a entidade recorrente deixou de ter a condición de Gran empresa na anualidade 2025. Aínda que a mercantil incumpriu a súa obriga de comunicar en prazo a Administración tributaria esta modificación, elo so suporía, no seu caso, a imposición dunha sanción administración, posibilidade que excede o ámbito competencial da Deputación da Coruña e o sentido de este recurso. O certo é que a Axencia Estatal de Administración Tributaria, acordou abrir un procedemento de rectificación censual *para que o obrigado tributario aclarara ou xustificara a discrepancia observada ou os datos relativos á súa declaración censual* , e acordou que *“ en consecuencia, el procedemento de rectificación censual iniciado mediante trámite de audiencia queda finalizado por haberse subsanado, aclarado o justificado la discrepancia que fue*

objeto del mismo, sin que sea necesario dictar resolución expresa al respecto”, segundo se desprende da dilixencia de 7 de abril de 2025 da AEAT.

Por tanto, aínda que no momento da resolución de concesión das axudas correspondentes ó programa PEL-PEMES Creación/ampliación 2025 non se acreditaba formalmente que non se atopaba na causa de exclusión da base 5.4 das bases reguladoras, debe entenderse que esta queda emendada pola rectificación acordada pola AEAT de 7 de abril de 2025, toda vez que o cambio na condición de Gran empresa ten o seu fundamento nunha circunstancia que se produce na anualidade 2024.

QUINTO.- Cumprimento dos requisitos das bases reguladoras. A entidade recorrente acada a puntuación mínima para ser beneficiario.

A unidade xestora comprobou que se cumpren os restantes requisitos para ser beneficiario establecidos polas bases reguladoras específicas:

- O financiamento solicitado axustase ao previsto nas bases da convocatoria .
- A recorrente cumpre os requisitos da base 3ª o ter domicilio fiscal e al menos un centro de traballo nun concello de menos de 20.000 habitantes da Provincia da Coruña. Acreditase unha actividade económica de alta no IAE con anterioridade a data de publicación da convocatoria. Acreditouse no expediente número 2022000029435 (PEL-PEMES Creación/ampliación 2022) que a empresa esta constituída e inscrita no Rexistro mercantil con anterioridade a data de publicación da convocatoria.
- A recorrente non se atopa en ningunha das causas de exclusión da base 5ª das Bases reguladoras específicas.
- Cumprese co limiar de mínimos segundo o anexo de axudas públicas baixo o réxime do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, de 13 de decembro de 2023.
- A entidade mercantil acada unha puntuación de 22 puntos. Tendo en conta que o último expediente concedido como beneficiario tiña unha valoración de 19 puntos, cumprese coa base 8.3. das Bases Xerais para estimar ó recorrente como beneficiario.
- A entidade recorrente atopase o corrente das súas obrigas coa facenda Pública, a Seguridade Social e a Deputación da Coruña.

En base aos antecedentes e fundamentos xurídicos sinalados, analizada a documentación achegada e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO

1º. Estimar o recurso de reposición presentado por don Constantino Campos Rodríguez, en nome e representación da entidade mercantil Arquitectura, materiales y construcción S.L, contra a Resolución de Presidencia número 2024/1901 de 8 de maio, pola que se aproba a concesión das solicitudes de subvencións correspondentes ao Programa de axudas PEL-PEMES CRE/AMP 2025

2º. Aprobar a concesión da subvención consonte aos seguintes datos:

Solicitud	Importe subvención	Cantidad a xustificar
-----------	--------------------	-----------------------

Beneficiario:ARQUITECTURA MATERIALES Y CONSTRUCCIÓN		
NIF: B70297106	14.999,00 €	21.428,00 €
Expediente: 2025000017357		
Obxecto:PEL-PEMES CRE/AMP / 2025		

Dispor o gasto da subvención concedida con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/24100/479 ; importe: 14.999,00 €; número de operación 220250038913

O pago quedará condicionado a correcta xustificación da subvención consonte as normas previstas na base 9ª das Bases reguladoras específicas (BOP núm. 28 de 11 de abril de 2025) presentada no prazo do **1 de xullo de 2025** ao **28 de febreiro de 2026**.

3ª. Notificar a presente resolución ó interesada, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña consonte os artigos 8 e 14 da Lei 29/98, de 13 de xullo , da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.